

Jimena González-Lojos Lamas
Compañía de María (Vigo)
GALICIA



Risas. Gritos. Respiración axitada. Calor. Suor. Frío. Tranquilidade. Silencio. Demasiado silencio. Un ruido. De súpeto María se espertou mareada e nerviosa, coma acostuma dende hai días. As súas noites son máis escuras e os seus sonos máis realistas e profundos dende que chegou ese neno ó colexio, Mario Mur, coa súa familia. Os seus pais era de aquí, de Vigo, pero a desaparición (aínda non asasinato) da que sería a tía do neno facía que cada cheiro, cada cor, cada vez, lles lembrara que nunca a volverían a ver, por iso, en canto se arquivou o caso, marcharon; pero xa pasou o tempo preciso para asumila súa norte e, é por tanto agora, o momento de volver.

María vive intranquila dende que sabe da súa volta; lle lembra épocas que quere esquecer, épocas nas que era outra María, épocas de inseguridades... Dende que se foran intenta convencerse a si mesma de que é inocente, de que é una simple mestra que aínda ensina ós seus alumnos sobre pizarra, pero, por máis que o intenta sabe que non é quen de esquecer que ela é a asasina.

Abre a porta da súa clase e esboza un sorriso na cara, sorriso no que trata de ocultar o suor frío que lle percorre o corpo.

Mario está na súa clase, ela vai ser quen lle ensine os valores da vida, quen lle prepare para o futuro e quen lle escoite cando teña un problema, todo iso mentres mira a súa cara de anxo, de inocencia, que non fai máis que lembrarlle que é ela quen destrizou a súa familia... Meu Deus! Leva bata branca pero a súa conciencia está morta, por que non se lamenta do que fixo? Non se lamenta, non se lamenta en absoluto! Ela non era máis cunha malcriada que se adicaba a meterse coa súa nai, pescadeira, e cos seus estudos, con se xeito de falar, co seu traballo, coa súa dignidade...

María volve en si, canto tempo estivo pensando? Tanto da, volta a esbozar o seu sorriso ensaiado e decide ir ó baño. Abre a billa e ve como pasa a auga; rápida, con decisión, sen vergoña, con afouteza...Ogallá fora coma a auga! Pero non, ela matou a unha moza en silencio, na sombra, nunha das clases da irmá Marisol; lle deu cunha pizarra na cabeza e cando xa era tarde tirou o cadáver ós peixiños, ó mar, para ver se así remataba de valorar a súa nai.

Outra vez! Outra vez se quedou pensativa...Que estarán facendo os nenos? O resto do día pasou entre sorrisos practivados, manchas de tiza e algumes cariñosos. Volve a casa e reflexiona largo e tendido sobre se ten sentido continuar esa farsa...

Como ía educar eses rapaces se vivía cunha constante preocupación? E se tiña que falar cos país de Mario? Como ía esbozar o sorriso entón? Estamos falando da irmá da vítima!

Non, os profesores son o pasaporte do futuro, e que futuro lles agarda se quen lles fala é un monstruo? Esa noite María soñou o mesmo de sempre, pero grazas a esa sobredosis que non recomiendan os farmacéuticos, non espertou de súpeto. Xa non. Xa nunca.